

Venres, 27 de maio de 2022

Núm. 101

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****BUEU****Persoal, oposicións***NOMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO ARQUITECTO SUPERIOR*

Expediente	1293/2022
Código SIA	1428947
Procedemento	Nomeamentos
Asunto	Nomeamento de Laura Palacio Marin, DNI núm. ***0325**, como persoal funcionario interino para cubrir o posto "Arquitecta Superior" do dept. de Urbanismo, medio ambiente urbano, actividade de supervisión e patrimonio. Unidade Técnica.
Unidade Xestora	RRHH
Documento	Anuncio
Trámite	Publicación do nomeamento como Arquitecta Superior de Administración Especial en réxime de interinidade do Concello de Bueu a Dna. Laura Palacio Marin, DNI núm. ***0325**

En data 19 de maio de 2022 por resolución da alcaldía núm. 2022-0700 co código de validación: AMH2PX7REC5Y6347YDG6SCHRR resolveuse entre outros o seguinte:

".../...

**1º.- Nomear a Laura Palacio Marin**, DNI núm. \*\*\*0325\*\*, funcionaria en réxime de interinidade do concello de Bueu (Pontevedra), da escala de administración especial, unidade técnica, clase superior, e integrada no grupo A, subgrupo A1, para ocupar o seguinte posto de traballo:

- Código:05.01.00.01
- Denominación do posto de traballo: Arquitecta Superior
- Area de adscrición: Departamento de Urbanismo, Medio ambiente Urbano, actividade de Supervisión e Patrimonio. Unidade Técnica.
- Nivel complemento destino: 25.
- C.E. (14 pagas ano 2022): 13.014,30€
- Funcións: As tarefas e funcións a desempeñar, con carácter transitorio ata a ocupación definitiva da praza por funcionario de carreira, son as legalmente previstas para estas prazas:



Venres, 27 de maio de 2022

Núm. 101

- Asumir a coordinación e supervisión técnica xeral das funcións, actuacións e persoal do Departamento, conforme a súa capacitación profesional, e baixo as directrices xerais da concellaría correspondente.
- Elaboración e seguimento dos expedientes relativos a Planeamento, Xestión e Disciplina Urbanística e Medioambiental conforme a súa capacitación técnica e profesional.
- Realizar informes de obras maiores.
- Realizar informe preceptivos, dentro do seu eido competencial e profesional, e relativos as materias propias do departamento.
- Asumir a supervisión directa, seguimento e informe de proxectos de infraestructuras públicas.
- Prestar colaboración e asistencia técnica naqueles asuntos propios do departamento dentro da súa capacitación profesional.
- Calquera outra propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Son meramente enunciativas, nin exhaustivas, nin excluíntes doutras que lle correspondan en función do corpo, escala, subescala, categoría, titulación esixible para o seu acceso e da integración do posto de traballo no departamento de Urbanismo, medio ambiente e actividade de supervisión e patrimonio. Unidade técnica sen prexuízo das modificacións na estrutura administrativa do Concello e das ordes e instrucións que dende os órganos de goberno e os órganos directivos se dean no exercicio da potestade organizativa.

A toma de posesión efectuarase no prazo de cinco (05) días, contado a partir do día seguinte ao da publicación do seu nomeamento no BOPPO, previamente deberán prometer ou xurar o cargo na forma establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de Abril. De non tomar posesión no prazo indicado a nomeada quedará na situación de cesantes, a non ser que presenten causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

O nomeamento terá vixencia ata que se cubra a vacante mediante funcionario/a de carreira, ou á finalización do proceso selectivo que se convoque para prover prazas de forma definitiva correspondentes a categoría das prazas obxecto deste proceso selectivo, ou en todo caso transcorridos tres anos dende o seu nomeamento, nos termos que resultan do apartado 3º da base 10ª das bases reguladoras das que traen causa o nomeamento efectuado mediante o punto resolutivo primeiro do presente acto administrativo, podendo cesar, así mesmo, cando o concello considere que xa non existe razón de necesidade ou urxencia que motivaron o nomeamento, ou ben cando por causas sobrevindas a praza sexa amortizada, así como no disposto na disposición transitoria segunda da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade do emprego público, en relación a entrada en vigor do art. 1 desta lei, é aplicable o previsto no apartado 4º do art. 10 do TREBEP, onde di:

“No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada



Venres, 27 de maio de 2022

Núm. 101

por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.

Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.”

A aspirante nomeada quedará sometida, dende o momento da súa toma en posesión e ao longo da prestación de servizos que resulte del, ao réxime de incompatibilidades que establece a lexislación vixente nesta materia dado pola Lei 53/1984, do 26 de Decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e as súas normas de desenvolvemento ou daquelas que sexan de aplicación ao longo da prestación dos servizos públicos correspondentes.

.../...”

O que se fai público para xeral coñecemento en cumprimento do disposto nos artigos 60 (letras d) e e) de aplicación por remisión do artigo 61) da Lei 2/2015, do 29 de Abril, do empregado público de Galicia.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE.

